

TÍTULO DA BOA PRÁCTICA: Elaboración colaborativa dun Glosario de Econometría, a través do Campus Virtual.

MATERIA NA QUE SE DESENVOLVEU: Econometría II, 3º curso de ADE

CURSO NO QUE SE DESENVOLVEU: 2019/2020

RESPONSABLE: Xulia Guntín Araujo

OBXECTIVOS:

- Incentivar o traballo rigoroso e de calidade por parte do alumnado.
- Mellorar substancialmente o traballo e avaliación das competencias transversais, nomeadamente capacidade de análise e síntese, coñecementos das tecnoloxías da información e a aprendizaxe autónoma.
- Unha maior implicación do alumnado na súa aprendizaxe.

DESCRIPCIÓN E DURACIÓN

Esta boa práctica formou parte do proxecto de innovación docente máis amplo: *“Aprendizaxe creando e compartindo contidos para a análise cuantitativa no ámbito socioeconómico, a través do Campus Virtual”* desenvolvido polo grupo de innovación educativa “Mellora da aprendizaxe da análise de datos para a economía e empresa” constituído por profesorado do departamento de Economía Cuantitativa e que imparten docencia de materias de Estatística e Econometría, tanto na titulación de ADE como de Economía. A diversidade de materias que impartimos aconsellou que o proxecto formulara un menú de accións e actividades, do que cada materia debería escoller e concretar aquela ou aquelas que mellor se adecúen a súa programación. En todo caso, as actividades propostas formarían parte da avaliación continua do alumnado.

Na materia de Econometría II impartida no grao de ADE, unha das actividades elixidas foi a elaboración dun glosario de materia, empregando a ferramenta de Glosario do Moodle. As entradas por parte do alumnado se realizaron ao longo do curso, no 2º cuatrimestre do curso 2019/2020.

DESEÑO DA ACTIVIDADE

- **Condicións de participación**

O que se lle propuxo ao alumnado da materia foi participar na elaboración colaborativa dun glosario achegando entradas relacionadas coa materia. As **condicións de participación** que se fixeron públicas na propia ferramenta do Glosario de Moodle, eran as seguintes:

- O idioma a empregar era o galego.
- Debería incorporar unha definición e/ou explicación, preferentemente acompañada dunha imaxe ilustrativa e/ou exemplo, así como a tradución do concepto ao inglés.
- Debería haber elaboración por parte do alumno/a para que sexa considerada válida (non un simple cortar-pegar)
- Para superar esta actividade, cada alumno/a debería ter publicadas ao final do curso un mínimo de 3 entradas válidas, necesariamente unha delas correspondente ao tema 1 da materia.


- Serán publicadas as entradas validadas como correctas por parte de profesorado. As entradas non satisfactorias requirirán de corrección e/ou mellora para ser consideradas válidas.
- Non se admiten duplicidades de entradas

Máis alá destas instrucións, transmitíuselle ao alumnado, desde o primeiro momento, que a participación da actividade ía requirir dun traballo rigoroso e de calidade, dado que o resultado esperado do proxecto era obter un novo recurso docente da materia, que estaría a dispor do alumnado da materia dos seguintes cursos ou do alumnado doutras materias se así o consideraba o seu profesorado. A súa implicación no proxecto era a condición “sine qua non” para participar.

• Configuración ferramenta Glosario en Moodle

Á hora de configurar a **ferramenta de Glosario** para desenvolver a actividade establecemos as seguintes características:

Imaxe 1: Ferramenta Glosario de Moodle



- As entradas requirían da aprobación do profesorado antes de ser publicadas.
- Non se permitían entradas duplicadas. Esta opción non eliminaba o problema de entradas coincidentes dado que unicamente reconece como coincidentes se o nome da entrada é exactamente o mesmo.
- Non se permitía a incorporación de comentarios do alumnado ás entradas publicadas.
- No formato de presentación optamos por escoller unha presentación tipo foro amosando data e autor (opción de “Completo con autor” do Moodle) (Imaxe 2)
- Por último, dábase a actividade como completada cando o estudante creaba 3 entradas publicadas.

Imaxe 2. Exemplo de entrada no Glosario

Función de autocorrelación
por María Soledad García-ganges Icaza · Miércoles, 29 de Abril de 2020, 13:48

Definición:


A función de autocorrelación representa os coeficientes de autocorrelación en función da distancia temporal ou do retardo entre as variables.

Os coeficientes de autocorrelación de orde k dun proceso estocástico (Y_t) , miden o grao de asociación lineal existente entre dúas variables aleatorias do proceso separadas por k períodos $(Y_t$ e $Y_{t-k})$. Cálculanse como a ratio das covarianzas de Y_t e Y_{t-k} e as súas respectivas varianzas, dando lugar ao conxunto dos coeficientes de autocorrelación $\rho_k(t)$.

$$\rho_k = \frac{\text{Cov}(Y_t, Y_{t-k})}{\sqrt{\text{Var}(Y_t) \text{Var}(Y_{t-k})}}$$

Dado que cada ρ_k é un coeficiente de autocorrelación, soe dicirse que a función de autocorrelación representa a intensidade e a duración da memoria do proceso (Y_t) .

Un exemplo da función de autocorrelación para un proceso estocástico estacionario AR(1) con parámetro positivo:



Termo en inglés: Autocorrelation function

Palabras clave(s): Metodoloxía ARIMA

- **Canles de comunicación co alumnado**

No deseño da actividade a comunicación do alumnado estaba prevista a través das distintas canles do Moodle, foros e mensaxería, polo que a suspensión da docencia presencial derivada da Covid non supuxo un problema para o desenvolvemento da actividade.

- **Solicitud de permiso para a publicación e emprego como recurso docente**

Dado que estaba prevista o uso do glosario como recurso docente, solicitóuselle ao alumnado o seu permiso como autores do glosario para o seu emprego como recurso docente na materia de Econometría. Para facer a solicitude pediuse consello ao persoal da biblioteca da Facultade que nos indicou como proceder. Esta solicitude fíxose a través do foro da materia. (Imaxe 3)

Imaxe 3. Solicitud de permiso para a publicación

Avisos e novas do grupo E03
Unha última mensaxe

→ Publicación notas finais grupo expositivo 3. Exame de mañá martes 21 de xullo →

Presentar respostas de forma anónima Mover este debate a...

Unha última mensaxe
por Xulia Guntín Araujo · Martes, 7 de Xullo de 2020, 6:02

Benqueridas alumnas,
Benqueridos alumnos,

Aínda que con algúns de vós teño unha cita o vindeiro martes 21, e antes de que deamos por finalizado este azaroso curso 2019/2020, quería con este correo darvos as grazas e facervos unha petición.

Grazas. Grazas pola vosa colaboración e implicación no proxecto de innovación docente que, con algún atranco por mor da Covid, desenvolvemos este curso. Agardo que para vós fora instrutivo e proveitoso, máis alá da moita ou pouca Econometría que puidades aprender. Eu aprendín moito con el, e aprendín moito de vós. E conto que desa aprendizaxe miña, feita con vós, se beneficie o alumnado que está por vir.

E pensando no alumnado que está por vir, debo solicitar o voso permiso para difundir o glosario que elaborastes de forma colaborativa, como material docente na aula virtual de materia nos seguintes cursos. Simplemente deberedes enviarme a través da mensaxería da aula virtual a seguinte mensaxe "Como un/unha dos/das autores/as do glosario da materia de Econometría II elaborado no curso 2019/2020, autorizo á USC para a publicación do traballo como recurso docente en calquera formato para que poida ser consultado".

Moita sorte e moito ánimo!

Xulia Guntín

Ligazón permanente Editar Eliminar Responder

→ Publicación notas finais grupo expositivo 3. Exame de mañá martes 21 de xullo →

RESULTADOS OBTIDOS E LECCIÓNS APRENDIDAS

Na actividade participou o 77% do alumnado que cursou a materia de Econometría II, aínda que unha porcentaxe menor deste alumnado non completou a actividade. O feito de que a actividade estivese deseñada integramente para ser desenvolvida a través do Campus Virtual

posibilitou a súa continuidade sen apenas modificacións de deseño, cando se suspenderon as clases presenciais a causa da Covid.

A actividade tivo un resultado tanxible, a elaboración do **Glosario básico de Econometría**, dispoñible nos cursos seguintes e publicado no repositorio de Minerva ([Link](#)).

Imaxe 4. Rexistro Glosario básico de econometría, en Minerva

The screenshot displays the Minerva institutional repository interface. At the top, the USC logo and 'MINERVA REPOSITORIO INSTITUCIONAL DA USC' are visible. Below the navigation bar, a button 'Mostrar o rexistro simple do ítem' is present. The main content is a table of metadata for the item 'Glosario básico de econometría'.

dc.contributor.author	Guntín Araujo, Xulia
dc.contributor.author	VVAA
dc.date.accessioned	2022-10-10T11:09:58Z
dc.date.available	2022-10-10T11:09:58Z
dc.date.issued	2021
dc.identifier.uri	http://hdl.handle.net/10347/29323
dc.description.abstract	Este glosario é o resultado do traballo colaborativo dun grupo de alumnas e alumnos da materia de Econometría II, realizado baixo a tutorización de Xulia Guntín Araujo, durante o curso 2019-2020. Forma parte do proxecto de innovación educativa "Aprendizaxe creando e compartindo contidos para a análise cuantitativa no ámbito socioeconómico, a través do Campus Virtual" do grupo de innovación docente "Mellora da aprendizaxe da análise de datos para a Economía e a Empresa", formado por docentes do Departamento de Economía Cuantitativa da USC. Dito proxecto foi seleccionado na II Convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC a docencia da USC
dc.language.iso	glg
dc.rights	© Os autores e as autoras, 2021. Atribución-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional
dc.rights.uri	http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/
dc.subject	Glosario
dc.subject	Econometría
dc.subject	Inglés
dc.subject	Galego
dc.title	Glosario básico de econometría
dc.type	info:eu-repo/semantics/workingPaper
dc.rights.accessrights	info:eu-repo/semantics/openAccess

Below the metadata table, there is a section 'Ficheiros no ítem' showing a PDF file icon and the following details:

Nome: Material didáctico
Tamaño: 1,455 Mb
Formato: PDF

Below this, it states 'Este ítem aparece na(s) seguinte(s) colección(s)' with a list item: 'ACSX-Material didáctico variado [1]'. A button 'Mostrar o rexistro simple do ítem' is also present at the bottom.

O glosario conta con aproximadamente 130 entradas. Non é un glosario ao uso, dado que é resultado das eleccións individuais do alumnado e tiñan liberdade para decidir que incorporaban. Para a súa publicación, solicitouse a revisión a outro profesorado da materia unicamente co obxectivo de detectar posibles erros que deberan ser subsanados pero respectando o texto e a selección de entradas feita polo alumnado.

Ademais do emprego de novas ferramentas do Moodle que ata agora non empregáramos na nosa docencia, esta actividade permitiunos decatarnos de aspectos da aprendizaxe dos que non eramos conscientes, ou non o eramos na súa correcta medida:

- Dificultades para a selección e discriminación correcta da información da rede, segundo o contexto. Na elaboración do glosario fomos conscientes da dificultade do alumnado para seleccionar as fontes correctas de información, para discriminar segundo a característica e formato da información, aínda en cuestións tan concretas como un concepto. De forma moi xeral, nas primeiras entradas feitas, a primeira opción que daba o buscador era a seleccionada, sen valorar a súa corrección, ou a súa adecuación ao obxectivo da busca. Algo que se repetía con frecuencia, e que é un exemplo de este uso

incorrecto da información na rede, era a proposta de conceptos adecuados pero con definicións e explicacións propias de outras disciplinas. Ou a tradución literal dos termos ao inglés sen o adecuado contexto. Como anécdota a tradución do termo *Esperanza* (matemática) por *Hope*.

Esta é unha das cuestións que tivemos oportunidade de traballar con esta actividade.

- Escaso emprego dos recursos postos a súa disposición na propia aula virtual. Sorprendentemente o alumnado empregou moi escasamente os materiais que o profesorado pon a súa disposición na aula virtual. Cremos que na súa percepción, a consulta dos materiais diversos que lles proporcionamos implica un traballo de revisión, selección e redacción do que poden prescindir empregando os buscadores, máis áxiles e que lles dá, paradoxalmente, maior seguridade.

VANTAXES E DIFICULTADES

A valoración necesariamente viuse afectada pola suspensión da docencia presencial e a situación excepcional derivada da Covid. Porén, se ben é certo que supuxo dificultades engadidas, cremos que a actividade tamén posibilitou unha interacción máis fluída co alumnado, un manexo habitual da aula virtual da materia, o cal permitiu que o cambio na docencia recibida a un modo sen presencialidade fora menos traumático para o alumnado.

Con todas as cautelas tendo en conta o anómalo desenvolvemento do segundo semestre do curso 2019/2020, unha das vantaxes que percibimos foi que podemos reducir o risco de que o alumnado “desconecte” da materia. O feito de ter que introducir 3 conceptos ou ideas obrígalle a estar máis pendente do que se vai explicando en clases, para decidir sobre cales facer a entrada. Ademais, dado que as entradas non podían repetirse, debían estar atentos as entradas validadas. Por outra parte, o feito de que o resultado da actividade fora un novo recurso docente accesible funcionou como incentivo, tamén para procurar resolvelo ben.

Outra vantaxe desta actividade é a súa adaptabilidade e que é facilmente reproducible. O glosario pode estar aberto a melloras e ampliacións o cal fai que sexa unha actividade que se pode desenvolver en varios cursos ou incluso entre varias materias.

As dificultades tiveron que ver coa xestión e validación das entradas.

- Por unha parte, dado que a súa publicación requiría a validación do profesorado, o proceso de revisión e mellora, para garantir entradas correctas e contrastadas, en ocasións prolongouse excesivamente. Cando unha entrada non era apropiada, se lle indicaba ao alumno ou alumna o motivo.
 - Entrada non propia da materia ou duplicada: Non se acepta.
 - Entrada mal definida ou explicada: Sinálanse as incorreccións.
 - Entrada mal redacta ou que non cumpría coas características establecidas: Solicitase a revisión.

Este proceso de revisión e mellora requiría da intervención da profesora varias veces ata conseguir unha entrada validable, e deu lugar a entradas que non foron publicadas por que o alumno/a non a corrixiu como debería.

- Por outra, respectando o criterio de escolla de cada alumno/a, e procurando a menor intervención posible, a delimitación de que entradas eran propias do glosario e cales non foi unhas das cuestións que xurdiu e nos plantexou algunha dúbida. Optamos por un criterio de admisión non excesivamente restritivo. Nesta decisión tamén pesou as condicións nas que se estaba desenvolvendo a docencia pola pandemia da Covid.

Finalmente, atopámonos cunha dificultade inesperada para facer accesible o glosario. Optamos por empregar a ferramenta Glosario de Moodle para a elaboración do Glosario, e a nosa valoración é que foi un acerto. O problema xurdiu posteriormente, á hora de querer exportar a información a un formato que nos permitirá traballar na edición do glosario. Os contidos incorporados á ferramenta Glosario non son exportables, máis alá da opción de “copiar e pegar” o que fixo que a tarefa de edición do glosario fora moi laboriosa.

RECURSOS E FERRAMENTAS

- Ferramentas empregadas de Moodle
 - a. Glosario
 - b. Mensaxería e foros